

DON LEOPOLDO MOURE GARCÍA, SECRETARIO XERAL DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL.

C E R T I F I C O : Que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 04 de outubro de 2021, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“7. PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS 2021-2023 NO REFERENTE Á LIÑA ESTRATÉXICA 9: SEGURIDADE E TRÁFICO (EXPEDIENTE CIVIDAS 2021034506). Examinada a proposta que eleva o Concelleiro Delegado da Área de Seguridade e Tráfico , que textualmente di:

“Primeiro: A Xunta de Goberno Local na súa reunión de data 16/02/2021 aprobou o Plan estratéxico de Subvencións do Concello de Ferrol 2021-2023 (en adiante PES).

Segundo: Dende a Área de Seguridade e Tráfico proponse levar a cabo unha modificación do PES no que afecta á liña estratéxica 9 Seguridade e Tráfico, no seguinte senso, de acordo coa base 46.2 das Bases de Execución do presuposto que sinala que poderán concederse directamente, con carácter excepcional, subvencións, por razóns de interese público, social, económico e humanitario:

.- Engadir una nova liña denominada LS 9.2 Subvencións directas. Subvención á AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE OS LLANOS DE ARIDANE con CIF G76716885, por importe de 3.625 euros e con cargo á aplicación orzamentaria 03211 1350 48000, ao obxecto de levar a cabo:

.- Areas de competencia afectadas: Seguridade e Tráfico

.- Sectores aos que se dirixen as axudas: AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE OS LLANOS DE ARIDANE con CIF G76716885.

.- Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación: Con motivo das necesidades apremiantes da poboación da illa da Palma por causa da erupción volcánica acaecida, o Concello de Ferrol colabora coa AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE OS LLANOS DE ARIDANE mediante a compra de material de primeira necesidade cara a súa distribución entre as persoas damnificadas.

.- Efectos que se pretenden coa súa aplicación: Contribuír a que Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Os Llanos de Aridane poidan levar a cabo as súas funcións nas tarefas de axuda a poboación de La Palma.

.- Prazo necesario para a súa consecución: Mes de outubro de 2021

.- Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiación: partida orzamentaria 03211 1350 48000. Gasto 3.625 euros. Anualidade 2021

.- Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan: Esta liña de subvencións directas ten carácter de excepcionalidade é unicamente para a anualidade 2021.

Trátase dunha subvención en especie (material), regulada na disposición adicional quinta. “Ayudas en especie”, da Lei 38/2003, de 17 de novembro:

“1. Las entregas a título gratuito de bienes y derechos se regirán por la legislación patrimonial.

2. No obstante lo anterior, se aplicará esta ley, en los términos que se desarrollen reglamentariamente, cuando la ayuda consista en la entrega de bienes, derechos o servicios cuya adquisición se realice con la finalidad exclusiva de entregarlos a un tercero.

3. En todo caso, la adquisición se someterá a la normativa sobre contratación de las Administraciones públicas.”

.- Réxime de seguimento.- A Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Os Llanos de Aridane deberá presentar unha declaración responsable na que quede constancia de que os materiais enviados foron destinados ás tarefas de axuda da poboación de La Palma.

.- Resultados da avaliación.- No prazo de tres meses.

Por todo o anterior, como concelleiro delegado de Seguridade e Tráfico propoñolle á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a modificación do PES no que afecta á liña estratéxica 9. Seguridade e Tráfico:

- Engadindo una nova liña denominada LS 9.2 Subvencións directas. Subvención á AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE OS LLANOS DE ARIDANE con CIF G76716885, por importe de 3.625 euros e con cargo á aplicación orzamentaria 03211 1350 48000, ao obxecto de levar a cabo:

.- Areas de competencia afectadas: Seguridade e Tráfico

.- Sectores aos que se dirixen as axudas: AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE OS LLANOS DE ARIDANE con CIF G76716885.

.- Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación: Con motivo das necesidades apremiantes da poboación da illa da Palma por causa da erupción volcánica acaecida, o Concello de Ferrol colabora coa AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE OS LLANOS DE ARIDANE mediante a compra de material de primeira necesidade cara a súa distribución entre as persoas damnificadas.

.- Efectos que se pretenden coa súa aplicación: Contribuír a que Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Os Llanos de Aridane poidan levar a cabo as súas funcións nas tarefas de axuda a poboación de La Palma.

.- Prazo necesario para a súa consecución: Mes de outubro de 2021

.- Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiación: partida orzamentaria 03211 1350 48000. Gasto 3.625 euros. Anualidade 2021

.- Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan: Esta liña de subvencións directas ten carácter de excepcionalidade é unicamente para a anualidade 2021.

Trátase dunha subvención en especie (material), regulada na disposición adicional quinta. “Ayudas en especie”, da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

Segundo: Dar publicidade desta modificación do PES 2021-2023 DO Concello de Ferrol no portal de transparencia da web municipal e no sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, de acordo co disposto nos artigos 13 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 6.2 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou a aprobación da proposta anteriormente transcrita.”

E para que conste e ós efectos correspondentes, expídese a presente, de orde e co Visto e Prace do Ilmo. Sr. Alcalde, coa reserva á que fai referencia o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, no Pazo Municipal de Ferrol, na data que figura na sinatura electrónica.

Ferrol, 5 de outubro de 2021

Vº e Pr

ALCALDE

Ángel Manuel Mato Escalona

O secretario xeral

Leopoldo Moure García